



## Práctica 2

### José Luis Mayobre Antón

#### Disponibilidade da aula

Antes de comezar o curso solicitei á dirección do meu Centro a Aula de Informática para o grupo ao que irá dirixida a experimentación, que como xa indiquei con anterioridade é un grupo de 2º ESO "Agrupamento". Polo tanto dispoño de dita aula durante todo o horario de dito grupo e posiblemente dispoñamos de polo menos unha hora á semana para os demais grupos de alumnos. Ademais dispoñemos dunha aula de Matemáticas cun ordenador, canón de vídeo e conexión de alta velocidade a Internet.

#### Características dos ordenadores


A aula de informática onde vou levar a cabo a experimentación dispón de 12 ordenadores conectados en liña e nos que xa foron probados en cursos anteriores as escenas de Descartes e outros programas informáticos tales como "Geogebra", "Excel", etc.

#### Agrupamento do alumnado na aula

O grupo de alumnos da experiencia é un agrupamento específico que consta de 5 alumnos, 4 rapaces e 1 rapaza, polo que traballarán individualmente e se algún dos ordenadores non funcionara nun determinado momento non habería ningún problema en ocupar outro ordenador da aula. A experimentación levarase a cabo os luns, martes, xoves e venres desde o venres 19 de setembro.

#### Distribución dos equipos

Os equipos están distribuídos da seguinte forma:



As mesas sinaladas son as que usarán os alumnos, os cales teñen boa visión tanto do encerado como da proxección do canón de vídeo desde a mesa do profesor.



# Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

## Conectividade á rede Internet

A aula de ordenadores do centro conta cunha conexión ADSL de alta velocidade, polo que supoñemos que non imos ter problemas en traballar on-line.

Para facilitar o acceso dos alumnos á unidade creouse un acceso directo en marcadores do navegador Mozilla, este acceso xa foi creado o curso pasado polos alumnos que acudían a traballar coas unidades de Descartes.

## Outros medios didácticos

Ademais dos ordenadores usaremos outros materiais: canón de proxección e pantalla, e por suposto, o encerado. Todos estes materiais servirán para explicar ós alumnos e alumnas como imos usar a Unidade Descartes, ou que actividades teñen que realizar (estes medios xa foron probados con éxito o curso pasado polos grupos que acudían nunha das horas de Matemáticas a dita aula a realizar experiencias co Descartes).

Non dispoñemos de software específico que permita que o alumnado vexa o ordenador do profesor na súa pantalla, nin doutros que permiten que o profesor poida controlar na súa pantalla o que fai cada alumno ou alumna, ou a conexión a Internet. Os alumnos deberán cubrir unha folla o seu nome, hora, e profesor acompañante e será este último o que continuamente controlará o traballo dos alumnos e seguirá atentamente o seu proceso de aprendizaxe tanto do propio programa como dos contidos da materia.